

A MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, relacionada coa funcionarización obrigatoria do persoal laboral temporal.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 12 do Título II da Lei de medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación que acompaña aos orzamentos de 2017, engade unha disposición transitoria primeira bis á Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia coa finalidade de regular os postos do persoal laboral temporal que desempeñan postos de traballo de persoal funcionario.

A redacción do artigo, que nace sen ningún tipo de negociación ou diálogo, amosa moitas dúbidas que fan pensar na perda de dereitos laborais e retributivos por parte do persoal laboral temporal que se ve obrigado a dita funcionarización así como a propia posibilidade de perda do posto de traballado en algún caso.

As sospeitas pola perda de dereitos das traballadoras e traballadores afectados por dito artigo, se concretan na redacción do propio artigo, como por exemplo o punto 2 coa seguinte frase: *“suporá a novación da relación xurídica existente coa administración, sen solución de continuidade na prestación dos servizos, e a transformación daquela nun vínculo xurídico de natureza funcional interina”*. Ou tamén no punto 3 cando di: *“Nos casos nos que o persoal interesado non aceptase o nomeamento interino previsto no apartado anterior, ou este non fose procedente de acordo co nel indicado, e en orden ao cumprimento dos principios establecidos neste, a administración procederá a efectuar os trámites legais tendentes á extinción da relación laboral”*

O persoal nesta situación dependente da Consellería de Política Social xa se ten manifestado en varias ocasións solicitando a supresión de dito artigo, a constitución dunha mesa de negociación e a convocatoria duna OPE.

Por todo o anterior, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a tomar as seguintes medidas:

- Suprimir o artigo 12 do Título II da Lei de medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación.
- Convocar unha Mesa de negociación coas representantes do persoal afectado.
- Convocar unha Oferta Pública de Emprego.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira,
Voceiro do G.P de En Marea.